

m 30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
19-26 DE XULLO DE 2014



VENDA DE ENTRADAS

NA SEDE DA MIT

Venda anticipada: de 10:00h a 14:00h e de 18:00h a 20:30h

Venda inmediata diaria: a partir das 21:00h

Información, sala de prensa e sede da MIT:
Rúa García Penedo, 3 (na entrada da Praza Maior)

Tel. 988 472 056

info@mitribadavia.com

PREZOS

Espectáculos para público adulto

Xeral 7 €, reducida (persoas en situación de desemprego e estudantes) 5 €

Espectáculos con prezo especial (*Le Sorrelle Macaluso e Ubu Roi*)

Xeral 10 €, reducida (persoas en situación de desemprego e estudantes) 8 €

INFORMACIÓN ESPECIAL

Entradas non numeradas do Castelo (bloques 4 e 5): prezo único 5 €

Espectáculos con prezo especial (*Le sorelle Macaluso e Ubu Roi*) (bloques 4 e 5): prezo único 8 €

Espectáculos para público familiar na Casa da Cultura (*DOT e Una niña*): adultos 7 €, nenas e nenos 3 €

Espectáculos de rúa: gratuítos

SERVIZO DE VENDA ELECTRÓNICA E TELEFÓNICA

<http://entradas.abanca.com>

Ata o día anterior de cada espectáculo



A venda anticipada de entradas corresponderá sempre, como máximo, ao 80% do aforo de cada espectáculo. O 20% restante venderase no despacho de billetes o mesmo día da función.

NOTA: Para as entradas de prezo reducido é preciso presentar a documentación oficial acreditativa.



Alcalde de Ribadavia
MARCOS BLANCO

Entre a realidade e a ficción.

Ante un mundo onde o que impera son as “declaracións en plasma”; ante unha sociedade xa acostuada a vivir entre a “simulación e o diferido”, irrompe, como cada ano, un sopro de aire fresco, unha ventá ás realidades diversas, ao impacto directo que nos provoca a realidade pura e espida da escena teatral.

Dende o Concello de Ribadavia, tentamos que a MIT sexa, ano tras ano, unha pequena revolución social que irrompe nas nosas vidas como un foro de debate crítico, creativo e lúdico, pero cun alto grao de concienciación individual e colectiva. Tentamos axitar conciencias, afastarnos da anestesia social imperante e amosarlle ao noso espectador un novo mundo de experiencias dende varios puntos de vista.

A MIT non tenta ser soamente un evento para gozar dos mellores espectáculos teatrais do momento e coñecer as novas tendencias, que tamén, senón tamén o lugar concreto onde atopar a creatividade, proxectar a participación e promocionar e potenciar a conciencia crítica.

Por iso a MIT é diferente e diferenciadora, tentamos beber das fontes de Abrente, crecer ao longo de varios anos da man do “alma mater” da MIT, D. Rubén García, e xa consolidarnos nestes últimos anos como referencia clara das artes escénicas en Galicia e fóra de Galicia.

30 anos da MIT de Ribadavia que serían imposibles de percorrer sen todas e cada unha das persoas que creron e apostaron pola MIT, facendo de Ribadavia o gran festival internacional que hoxe teñen os galegos e galegas.

Por todo iso, grazas de corazón a todos e todas.

Concelleiro de Cultura
JOSÉ PRIETO

Aprestámonos a vivir a 30 edición da MIT de Ribadavia. Moitos son os obxectivos acadados e aínda moitos tamén os que quedan por conquistar. Dentro dos primeiros está a idea de que a MIT é un patrimonio sólido, inviolable, sobre todo para aqueles que amamos e gozamos a MIT en Ribadavia véndoa nacer, desenvolverse e chegar ao seu punto máis álxido de maduración, grazas a toda unha labor socio-cultural que comeza con Abrente e continúa hoxe cos 40 anos de teatro en Ribadavia.

A MIT evolucionou de maneira inimaxinable grazas ao traballo coordinado e unido de moitas persoas dende os seus inicios e, por iso, TODOS debemos potenciar o seu impulso orixinario, sen esquecerse da fonda pegada e o espírito do movemento Abrente.

Dende a Concellería de Cultura queremos seguir apostando, forte e decididamente, pola modernización e a profesionalización da MIT, a MIT como foro de novos valores e apostas diferentes e arriscadas, estimulado polo público máis esixente, polo máis incondicional, polo do futuro e polo do presente, por TODOS, sen esquecernos de que a cultura non é un valor a recortar ou gravar, senón que ten que ser accesible e universal para TODA a veciñanza e para TODOS os visitantes.

Por iso, quero agradecer o apoio a TODAS as administracións públicas implicadas nesta MIT, a TODOS os colaboradores, así como tamén a TODOS os voluntarios e traballadores municipais que, co seu traballo, coas súas achegas, fan posible que Ribadavia volva, un ano máis, a ser capitalidade teatral en Galicia. Pero, sobre todo, agradecer o apoio incondicional, masivo e crítico do gran público da MIT que, ano tras ano, lle dá forza coa súa presenza e participación activa.



Director da MIT Ribadavia

ROBERTO PASCUAL

Nesta 30 edición a MIT asome novos riscos, novos esforzos, novas alianzas e novos discursos dende a máis coherente programación posible e para outros novos momentos, novas demandas e novos espectadores aos que estas linguaxes contemporáneas e impactantes, dende a musicalidade e a convivencia do canónico co máis emerxente, quere chamar a atención. A escena como símbolo proactivo dunha sociedade viva, en constante transformación e na que as artes escénicas reivindicán a vangarda.

Defendemos a idea de festival como espazo de encontro, como un todo harmónico que, no seu conxunto, co seu carácter e coa súa cosmovisión, emita unha determinada mensaxe. Este ano poderíamos dicir que nola canta, pois quixemos tamén enfocar unha forma de ver e sentir dende o amplísimo latexo musical da escena contemporánea, dende o uso innovador e refrescante da musicalidade tanto no uso dos obxectos, coma na diversa e orixinal alocución da escena, emisión da palabra ou dos usos rítmicos e formais, coma a parodia ou o carácter lúdico e irónico no tratamento dos contidos. Rir, tamén de nós mesmos, mantennos vitais.

Á forza de todo o excelente traballo de máis dunha centena de artistas que presentarán as súas pezas na MIT, trascende o desexo e o impulso de creadores e espectadores por se encontraren nos diversos espazos de Ribadavia, facendo da mostra un crisol, un intercambio de experiencias e de ideas, de mestres e discípulos, de amantes e curiosos, da creación propia coa ollada curiosa e necesaria ao mundo da escena internacional.

Aínda dende as dificultades, as falsas promesas (séguese a manter o IVE cultural no 21% malia as promesas en datas próximas aos Premios Goya) e ausencia de políticas teatrais conxuntas e precisas, a MIT quere seguir falando con firmeza e defendendo a idea, palpable, de que dende a cooperación e a longo prazo, con adicación, capacidade de renovación, mellora constante e posta en valor das bagaxes e dos propios recursos, a escena é quen de chamar polo dinamismo en todas as fronteiras. Por iso os festivais deben ser un sólido complemento e non un paliativo, un estímulo e non un foguete e nese sentido radica tamén o compromiso da MIT coa sociedade e coas artes galegas. Trazando pontes, sempre. Que as transitemos con felicidade, liberdade e dignidade.

PROGRAMA 30MIT

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
MIT
RIBADAVIA
19-29 DE XULLO DE 2014

VENRES 18

- | | | |
|-------|---|---|
| 20.30 | Concerto de Josito Porto con Factoría da subsistencia | Café-concerto SON |
| 23.00 | <i>Aquí non paga ninguén</i> , de Darío Fo. Apoio da MIT ao teatro afeccionado de Ribadavia. Off MIT. | Teatro do Vilar
Auditorio do Castelo |

SÁBADO 19

- | | | |
|-------|---|--|
| 21.00 | Inauguración oficial da MIT 2014 | Salón de actos Concello de Ribadavia |
| 21.30 | Entrega do Premio de Honra "Roberto Vidal Bolaño" ao mérito nas artes escénicas | Auditorio do Castelo |
| 23.00 | <i>A Tempestade, de W. Shakespeare</i> | Voadora, MIT Ribadavia, CCVF, Teatro Bruto e Mafalda |
| 01.00 | <i>Impreuna</i> | Pistacatro
Praza Maior |

DOMINGO 20

- | | | | |
|-------|---|---|----------------------|
| 20.00 | <i>DOT</i> | Maduixa | Casa da Cultura |
| 21.00 | <i>A 20 de novembro, de Lars Norén</i> | Artistas Unidos | Igrexa da Madalena |
| 23.00 | <i>Le sorelle Macaluso, de Emma Dante</i> | Sud Costa Occidentale, Teatro Stabile di Napoli, Théâtre National de Bruxelles, Festival d'Avignon e Folkteatern (Göteborg) | Auditorio do Castelo |

LUNS 21

- | | | | |
|-------|--|-----------------|-----------------------|
| 20.00 | <i>Lume</i> | Babaluxa | San Cristovo. SputMIT |
| 21.00 | <i>A 20 de novembro, de Lars Norén</i> | Artistas Unidos | Igrexa da Madalena |
| 23.00 | <i>En un lugar del Quijote</i> | Ron Lalá e CNTC | Auditorio do Castelo |

MARTES 22

- | | | | |
|-------|--------------------------------------|--|----------------------|
| 20.00 | <i>Mr. Pancho e a última función</i> | Titeres Cascanueces e Titeres Alakrán | Santo Adré. SputMIT |
| 23.00 | <i>UBU ROI</i> | Cheek by Jowl, Barbican de Londres, Les Gémeaux/Sceaux/Scène Nationale e A Comédie de Béthune-Centre Dramatique National du Nord-Pas-de-Calais | Auditorio do Castelo |

MÉRCORES 23

- | | | | |
|-------|---|---------------------------------------|--------------------------------------|
| 13.00 | Presentación do 9º Premio Abrente de Textos Teatrais e do libro "Diante do espello" (Premio Abrente 2013) | | Salón de actos Concello de Ribadavia |
| 20.00 | <i>Mr. Pancho e a última función</i> | Titeres Cascanueces e Titeres Alakrán | Sampaio. SputMIT |
| 21.00 | <i>Diante do espello, de Fran Godón</i> | Uttópico Teatro | Igrexa da Madalena |
| 23.00 | <i>Sudado</i> | Jorge Eiro | Auditorio do Castelo |

XOVES 24

- | | | | |
|-------|-------------------------------------|--|----------------------|
| 20.00 | <i>Improprio especial Ribadavia</i> | Triatrerros | Francelos. SputMIT |
| 23.00 | <i>Alemania</i> | Nacho Ciatti | Auditorio do Castelo |
| 01.00 | <i>Decamerón, de Cándido Pazó</i> | Abrapalabra (Premio do Público MIT 2013) | Adro de Sto. Domingo |

VENRES 25

- | | | | |
|-------|---|-----------------|----------------------|
| 21.00 | <i>Que vaya bonito</i> | Teatro de Cerca | Igrexa da Madalena |
| 23.00 | <i>Ultranoite no país dos ananos</i> | Chêvere | Auditorio do Castelo |
| 01.00 | Presentación do filme documental das Ultranoites de Chêvere. Dir. Alfonso Zarauza | | Praza Maior |

SÁBADO 26

- | | | | |
|-------|--|---|----------------------|
| 20.00 | <i>Una niña</i> | La Rous | Casa da Cultura |
| 21.30 | Presentación do filme documental "O que hai que facer para non ir ao mar". Dir. Iago Vázquez | | Igrexa da Madalena |
| 23.00 | <i>Trash!</i> | Jashgawronsky Brothers (Premio do Público MIT 2011) | Auditorio do Castelo |
| 01.00 | <i>Chinchín por O Ribeiro - Espectáculo de clausura do 30 aniversario da MIT</i> | Os da ría | Praza Maior |



30 MIT



19 SÁBADO CASTELO

23.00h

Coprodución: Centro Cultural Vila Flor de Guimarães, XXX MIT Ribadavia, Teatro Bruto e Mafalda.

Autoría: William Shakespeare

Adaptación: Fernando Epelde

Traducción: Manuel Cortés

Dirección: Marta Pazos

Axudantes de Dirección: Uxía P. Vaello, Joana Magalhães

Intérpretes: Diego Anido, Jose Díaz, Fernando Epelde, Borja Fernández, Iván Marcos, Olalla Tesouro, Hugo Torres, Guillermo Weickert, Sergio Zearreta

Deseño espazo escénico: Ana Luena

Iluminación: José Alvaro Correia

Son / música: Hugo Torres, Jose Díaz, Fernando Epelde

Vestuario: Uxía P. Vaello

Xastra: Cloti Vaello

Maquillaxe e perruquería: Fanny Bel

Coreografías: Diego Anido, Iván Marcos, Guillermo Weickert

Adestramento físico: Guillermo Weickert

Sonoplastia: David Rodríguez

Vídeo: Gael Herrera

Axudantes de Producción: Denís García, Joana Magalhães

Distribución: Cecilia Carballido

Producción: Jose Díaz

Público recomendado: A partir de 12 anos

Tipo de espectáculo: Clásico contemporáneo

Duración: 120 minutos

Web: www.voadora.es

Próspero, duque de Milán, inmerso nos seus estudos, é traizoado polo seu irmán Antonio, quen o expulsa nun golpe de estado e o abandona no mar á súa sorte xunto coa súa pequena filla, Miranda. A familia desembarca nunha illa deserta, onde vivirán entre monstros e espíritos. Doce anos despois, o azar fai que os traidores naveguen cerca da illa. A obra comeza precisamente aquí, cando Próspero provoca unha tempestade que arrastrará aos seus inimigos á illa. A maxia de Próspero obriga aos personaxes a unha autorrevelación.

Espectáculo de VOADORA en coprodución con Centro Cultural Vila Flor de Guimarães, XXX MIT Ribadavia, Teatro Bruto e Mafalda.

Coa colaboración especial de Centro Dramático Galego.

Coa colaboración de Teatro Nacional São João de Porto, A Cocotte, Pousadas de Compostela, Mesón El Serrano, Montse Triola, Dalia Antas, Fresh Pizza e Voz Audiovisual.

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
19-29 DE XULLO DE 2014

“a tempestade”
VOADORA (Galiza e Portugal)



19 SÁBADO

RUADAVIA 

PRAZA MAIOR 01.00h

Autoría: Colectivo Pistacatro

Dirección: Pablo Reboleiro "Trasno"

Intérpretes:

Ariñe Azkúe

Raquel Oitavén

Aitor Garuz

Óscar Páez

Alfredo Pérez "Fredí"

Antonio Delgado "Antuam"

Pablo Reboleiro "Trasno".

Covers: Manuel Lago "Manu", Sofía Espiñeira e Xenia Tartari.

Deseño espazo escénico: El Retrete & Pistacatro.

Iluminación: Octavio Mas.

Son e indumentaria: Pistacatro.

Público recomendado: Todos os públicos.

Tipo de espectáculo: Circo contemporáneo

Duración: 70 minutos

Web: www.pistacatro.com

Impreuna significa "xuntos" en romanés. Representa pois unha crítica á sociedade individualista. Ambientado na época actual, împreună, é un espectáculo mergullado integramente nos códigos artísticos do circo (malabares, aéreos, acrobacias e clown), todo isto, sen renunciar á fusión, sen complexos, con outras artes vivas como a danza, o teatro físico e a comedia. As aventuras de sete artistas de circo que levarán ao público de viaxe polos valores do circo: Comunidade, Solidariedade e Cooperación.

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-20 DE XULLO DE 2014

“impreuna”

PISTA CATRO

(Galiza)



20 DOMINGO



20.00h

Autoría: Juan Pablo Mendiola

Dirección: Juan Pablo Mendiola

Dirección Coreográfica: Mamen García

Intérpretes:

Laia sorribes

Joaquín Collado

Deseño espazo escénico: Joan Santacreu

Iluminación: Juan Pablo Mendiola

Son / Música: Damián Sánchez

Indumentaria: Joan Miquel Reig

Público recomendado: Público familiar (nenos/as de 4-8 anos)

Tipo de espectáculo: Danza-Teatro

Duración: 45 minutos

Web: www.maduiacreacions.com

dot. Danza, música e novas tecnoloxías.

Laia ocúpase de borrar calquera mancha que apareza na súa gran parede branca. Cando dot chega, ela non se imaxina todo o que pode suceder. Cun pouco de maxia e moita imaxinación, dot e Laia emprenderán unha viaxe a través da música e a cor. Só deberán unir os puntos para que comece a maxia.

Xuntos verán que unha parede pode ser moito máis ca unha simple parede. Pode ser o marco perfecto para plasmar os seus soños.

dot é un espectáculo no que danza, teatro, música e novas tecnoloxías se combinan para ofrecer un crebacabezas máxico no que todo é posible. Tomando como punto de partida o estimulante traballo do artista norteamericano Sol Lewitt, transformaremos unha xigante parede branca nun espazo cheo de cor.

PREMIO MELLOR ESPECTÁCULO FETEN 2014

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE JULIO DE 2014

“dot”

MADUIXA TEATRE

(Comunidade
Valenciana)



20/21

DOMINGO/LUNS



21.00h

Autoría: Lars Norén

Dirección: Francis Selectk

Intérprete: João Pedro Mamede

Produción: Cena Múltipla/Associação Cultural O Mundo do Espectáculo

Apoio: Câmara Municipal de Almada

Agradecementos: Catarina Pé Curto e André Pais

Público recomendado: Maiores de 16

Tipo de espectáculo: Drama

Duración: 50 minutos (aproximadamente)

Web: www.artistasunidos.pt

O 20 de novembro de 2006, Sebastian Bosse, un mozo alemán non considerado válido polo sistema, disparou contra os alumnos e profesores do seu antigo instituto antes de se suicidar. A partir do seu diario íntimo publicado na Internet, o dramaturgo sueco Lars Norén escribe un texto intenso, frío e clínico.

“O actor, João Pedro Mamede, fai un traballo impresionante falándonos directamente, facéndonos preguntas incómodas, directamente. [...] O actor consegue que o texto non pareza escrito previamente. As pausas, os silencios xustos, as miradas, os tics nerviosos, os xestos... a crispación e a calma... o ritmo do actor, que é o ritmo en simbiose perfecta, desenvolve un “bis à bis” con nós que impresiona. João Pedro Mamede consegue que o personaxe nos desacougue pero, á vez, nos resulte próximo e empático”.

Afonso Becerra, Revista Galega de Teatro, nº 75

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE JULLO DE 2014

“a vinte de novembro”

ARTISTAS UNIDOS (Portugal)



20 DOMINGO CASTELO

23.00h

Coprodución: Teatro Stabile di Napoli, Théâtre National (Bruxelles), Festival d'Avignon, Folkteatern (Göteborg). En colaboración con Atto Unico/ Compagnia Sud Costa Occidentale. En partenariat co Teatrul National Radu Stanca – Sibiu.

Autoría e Dirección: Emma Dante

Intérpretes: Serena Barone, Elena Borgogni, Sandro Maria Campagna, Italia Carroccio, Davide Celona, Marcella Colaiani, Alessandra Fazzino, Daniela Macaluso, Leonarda Saffi, Stephanie Taillandier.

Deseño espazo escénico: Emma Dante

Armaduras: Gaetano Lo Monaco Celano

Iluminación: Cristian Zucaro

Indumentaria: Emma Dante

Fotografía: Carmine Maringola

Organización: Daniela Gusmano

Coordinación e distribución: Aldo Miguel Grompone, Roma

Público recomendado: Adulto

Tipo de espectáculo: Teatro

Duración: 70 minutos

Web: www.emmadante.it

Espectáculo en italiano e siciliano sobretitulado en galego

"Aujourd'hui, maman est morte. Ou peut-être hier, je ne sais pas."

L'étranger, Albert Camus

A escena está baleira e escura. Sô as sombras habitan este baleiro ata que un corpo é lanzado cara a nós. A escuridade expulsa a unha muller. Adulta. Marcada. Do fondo aparecen rostros de vivos e mortos mesturados. Todo o mundo está de loito. O pequeno pobo avanza cara a nós con paso seguro. A muller danzante únese ao desfile. "As irmás Macaluso" é unha bandada de paxaros suspendida entre o ceo e a terra. Na confusión entre a vida e a morte.

A familia componse de sete irmás que se pechan para recordar, evocar, reprochar, soñar, chorar e rir das súas propias historias. É o funeral dunha delas. Na fronteira entre aquí e acolá, entre o agora e o despois, entre o que sucede e o que xa foi, os mortos están listos para levar á defunta. E fano sobrevoando sobre unha liña sobre a cal loitar aínda, á maneira da ópera de marionetas pupi sicilianas, con espadas e escudos na man.

Imaxino un contraluz, traxes escuros e un camiño. Unha familia en movemento que entra e sae das tebras. Vexo un pai aínda mozo aparecéndolle á filla de cincuenta, unha muller aferrada ao seu marido nun abrazo eterno, un home fracasado pero de morto, vexo e soño quedar suspendida entre as sombras e a soidade e vexo o extinto ante nós con facilidade.

Todo está inspirado nunha historia que me contou un amigo. A súa avoa, no delirio da enfermidade, unha noite chamou pola filla berrando. A filla correu cara a súa cama e a nai clamou: "Definitivamente, estou viva ou morta?" A filla respondeu: "¡Viva! Estás viva, mamá!" E a nai contestou, mofándose: "Viva! Avi ca sugnu muertos y 'mi diciti no p' a fàrimi scantàri." (Si, viva! Estou morta dun cacho e ti non me dis nada para non asustarme).

Emma Dante

O presente proxecto está financiado co apoio da Comisión europea.

Os autores son os únicos responsables desta publicación e a Comisión declina calquera responsabilidade sobre o uso que se poida facer da información aquí difundida.

**CITTA IN SCENA
CITIES ON STAGE**



Cultura

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
19-29 DE XULLO DE 2014

“le sorelle macaluso”

SUD COSTA OCCIDENTALE (Italia, Bélxica,
Francia e Suecia)



21

LUNS



SPUTMIT

SAN CRISTOVO 20.00h

PROGRAMA L – APOIO ÁS NOVAS COMPAÑÍAS

Autoría: Títeres Babaluva

Dramaturxia e dirección de escena: Santi Prego

Dirección artística: Mariza Basso (Brasil)

Intérpretes: Larraitz e Mirari Urruzola

Deseño espazo escénico: Mariza Basso Teatro de Formas Animadas/Teatro Babaluva

Iluminación: Mirari Urruzola

Son / música: Merran Laginestra (Australia)

Indumentaria: Rosario Sampedro (Galicia)

Caracterización: Teatro Babaluva

Público recomendado: Infantil, de 2 a 8 anos e familiar

Tipo de espectáculo: Títeres de obxecto

Duración: 45 minutos

Web: www.babaluva.com

Nun bosque onde vivían moitos animais algo pasou que fixo ladrar ao can....

Unha lapa de lume chegou con ganas de facer un incendio.

O can chamou á vaca, a vaca ao cervo, o cervo á xabarila, a xabarila á landra, a landra preocupada foi buscar ao moucho que avisou á araña. A araña viu ao ourizo, o sapo alertou á garza que estaba comendo miñocas. A eiruga falou coa bolboreta, voluntariosas chegaron a vacaloura e o esquío. E así foi como, axudándose uns aos outros, prepararon un plan para apagar o lume.

Nesta proposta innovadora de teatro de obxectos, dúas titiriteiras recrean un bosque e os seus animais para contar esta historia de sensibilización medioambiental dirixida a nenas e nenos de 2 a 8 anos, utilizando unha técnica mixta de contacontos e títeres de mesa.

Neste proceso de creación participaron mulleres artistas de diversas disciplinas como o teatro, a fotografía, a música e as artes plásticas.

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-20 DE XULLO DE 2014

“lume”

(Galiza)

TÍTERES BABALUVA



21 LUNS CASTELO

23.00h

Coprodución: CNTC (Compañía Nacional de Teatro Clásico)

Dirección: Yayo Cáceres

Autoría: Ron Lalá

Intérpretes:

Juan Cañas

Íñigo Echevarría

Daniel Rovalher

Miguel Magdalena

Álvaro Tato

Dirección literaria: Álvaro Tato

Dirección musical: Miguel Magdalena

Indumentaria: Tatiana de Sarabia

Iluminación: Miguel Ángel Camacho

Espazo escénico: Curt Allen Wilmer

Composición musical e arranxos: Ron Lalá

Versión: Ron Lalá

Público recomendado: A partir de 12 anos

Tipo de espectáculo: Comedia

Duración: 90 minutos

Web: www.ronlala.com

Nunha gran biblioteca imaxinaria, o fidalgo Alonso Quijano recrea as súas maravillosas fazañas como cabaileiro andante mentres Miguel de Cervantes escribe a súa obra mestra... ¿Quen é máis real, Cervantes ou don Quixote? ¿Quen soña e quen vive? Ron Lalá presenta a súa versión contemporánea de Don Quijote de la Mancha: unha gran aventura do teatro, a palabra e a música en directo para experimentar toda a graza, a maxia, a rebeldía, a tristeza e a fondura dunha obra inmortal. Coas claves da súa linguaxe escénica (teatro, música en

directo e humor), Ron Lalá ofrece unha visión profunda, iconoclasta e viva do Quixote máis cervantino e do Cervantes máis quixotesco: En un lugar del Quijote.

“Talentazo colectivo en estado puro y una versión energética y respetuosa del clásico que roza la proeza. (...) Me emocioné. Por lo bien hecho que está el espectáculo, por la sandunga del verso y de la prosa, por la potencia y claridad de sus voces, por el ritmo constante, por lo pegadizo de las canciones. (...) Gracias por tanta alegría, tanta entrega y tanto entusiasmo en estos tiempos sombríos.”

Marcos Ordóñez, Babelia-El País

“Metateatro y juego, música y palabra, humor y reflexión, parodia y magia... Un gran trabajo que pone un pie en las aventuras quijotescas y otro en nuestro presente, con ironía y desenvoltura.”

Juan Ignacio Gª Garzón, ABC

“Una adaptación maravillosa con momentos musicales de primera, gracia, emoción y estéticamente riquísimo. (...) Interpretaciones perfectas y dinámicas, llenas de vitalidad y energía contagiosa, que alcanzan cotas de maestría. Un montaje mágico, de esos que gustan a todo el mundo sin que esto esté reñido con la calidad o con la diversión más inteligente.”

Miguel Gabaldón, Notodo

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
19-29 DE JULIO DE 2014

“en un lugar del quijote”

RON LALÁ

(Madrid)



22 MARTES SANTO ANDRÉ

23 MÉRCORES SAMPAIO

PROGRAMA L – APOIO ÁS NOVAS COMPAÑÍAS



SPUTMIT

20.00h

Autoría e dirección: Francisco Borja Ínsua Lema

Intérpretes:

Francisco Borja Ínsua Lema

Lázaro Duyos

Deseño espazo escénico: Francisco Borja Ínsua Lema

Público recomendado: Familiar

Tipo de espectáculo: Comedia de monicreques

Duración: 50 minutos

Web: titerescascanueces.blogspot.com

Mr. Pancho e a última función é un achegamento ao mundo do teatro dende a perspectiva dun grupo de actores e músicos do século XXI que se ven abocados a deixar o seu teatro por un sospeitoso embargo.

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE XULLO DE 2014

“mr. pancho e a última función”
TÍTERES CASCANUECES
E TÍTERES ALAKRÁN (Galiza)



22

MARTES



CASTELO

23.00h

Coprodución: Barbican de Londres, Les Gémeaux/Sceaux/Scène Nationale e La Comédie de Béthune - Centre Dramatique National du Nord-Pas-de-Calais.

Autoría: Alfred Jarry

Dirección: Declan Donnellan

Deseño espazo escénico: Nick Ormerod

Intérpretes:

Xavier Boiffier: Bordure

Camille Cayol: Mère Ubu

Vincent de Bouard: Le Roi Wenceslas

Christophe Grégoire: Père Ubu

Cécile Leterme: La Reine Rosemonde

Sylvain Levitte: Bougrelas

Director axunto: Michelangelo Marchese

Director axunto de movemento: Jane Gibson

Iluminación: Pascal Noël

Deseño de vídeo: Benoit Simon, Quentin Vigier

Compositor musical: Davy Sladek, con música engadida de Paddy Cunneen

Supervisión da indumentaria: Angie Burns

Asistencia á dirección: Bertrand Lesca

Asesoría de produción: Béatrice Catry

Público recomendado: Maiores de 16 anos

Tipo de espectáculo: Teatro

Duración: 1h50 minutos sen intervalo

Web: www.cheekbyjowl.com/ubu_roi

@CbyJ /// [facebook.com/cheekbyjowl](https://www.facebook.com/cheekbyjowl)

Espectáculo en francés sobretitulado en galego.



Logo da súa estrea en 1896, a brutal sátira de Alfred Jarry sobre a avaricia e o abuso de poder foi prohibida pola súa linguaxe escandalosa e violenta e pola súa falta de respecto pola autoridade.

Anárquico e petulante, o rei Ubú conquista o poder en

Polonia, Lituania e todos os territorios entre medias, incitado pola súa igualmente monstruosa esposa. Pero a súa pequena ditadura vese ameazada por un exército invasor. Con resonancias de *Macbeth* e un humor inquebrantable, Ubú rei, que sirviu de inspiración aos posteriores dramaturgos do absurdo, segue a ser un deslumbrante desafío fronte aos convencionalismos.

En 2007, Peter Brook convidou a Declan Donnellan e Nick Ormerod a formar un grupo de actores para representar *Andromaque* de Racine. Despois do éxito internacional daquela produción, Cheek by Jowl traballa con ese mesmo grupo de actores franceses nunha nova produción do *Ubu Roi* de Alfred Jarry.

A pura vitalidade da creación de Jarry ofrece á compañía un emocionante novo punto de partida para levar ao escenario a extraordinaria figura de Ubú Rei.

'Donnellan masterfully releases the primal energy of Jarry's work'

Le Monde

'Donnellan gets richly uninhibited performances from his cast... Battlefield chaos in a world of civilised chic'

The Guardian

'Outrageous, overflowing with unbridled energy'

Le Figaro

'Exhilaratingly fresh...blackly hilarious'

Independent

'An inspired production of a gruesome drama'

Evening Standard

'Whatever Cheek by Jowl does next constitutes a major happening'

The Guardian

'Cheek By Jowl would represent Britain on any list of the world's most influential theatre companies'

Time Out

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE JULIO DE 2014

“ubu roi”

CHEEK BY JOWL

(Reino Unido
e Francia)



Fotografía: Johan Persson

23 MÉRcores

PROGRAMA L – APOIO ÁS NOVAS COMPAÑÍAS

IGREXA DA MADALENA

21.00h

Autoría e Dirección: Fran Godón

Intérpretes:

Yelena Molina

Vanesa Sotelo

Deseño espazo escénico e iluminación: Fran Godón

Son / música: Thelma G.

Indumentaria: UT•TÓPICO, complementos de El Rincón de Yelena

Caracterización: UT•TÓPICO

Público recomendado: Adulto

Tipo de espectáculo: Esta obra é difícil de incluír nun xénero. Ten puntos moi líricos, cómicos e tráxicos pero o eixo que soporta a peza é o xogo dramático que se establece entre as personaxes.

Duración: 65 minutos

Web: utopicoteatro.blogspot.com

Dúas mulleres en cadanseu cuarto de hotel a noite ou madrugada antes do seu “gran día”. Sarah está a preocuparse polos últimos detalles, nerviosa porque nunhas horas vai estrea-la súa primeira gran obra na capital. Ruth está na cidade para presentarse a unha proba de selección a mañá seguinte e pensa na súa familia: nos seus fillos e o seu marido. Os seus pensamentos só se ven entorpecidos polo ruído de cadanseu teléfono que, a modo de chamada para público, soa tres veces para avisar da aproximación da vida.

Diante delas unha parede de espello cómplice e silenciosa, coa que falan, na que se miran, na que escriben e que as vai espindo pouco a pouco. A medida que avanzan as palabras vaise apreciando que teñen máis en común do que parecía.


Obra galardoada co VIII Premio Abrente para Textos Teatrais da MIT de Ribadavia no ano 2013.

ESTREA

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE XULLO DE 2014

“diante do espello”
UTTÓPICO TEATRO (Galiza)

vanesa sotelo yelena molina



diante do espello

23 MÉRcores



CASTELO

23.00h

Autoría e dirección: Jorge Eiro

Intérpretes:

Facundo Aquinos

Facundo Mejías

Julián Cabrera.

Deseño espazo escénico: Pablo Romero e Jorge Eiro

Iluminación: Pablo Romero

Público recomendado: Maiores de 15 anos

Tipo de espectáculo: Comedia

Duración: 55 minutos

Ciclo "Novísimo teatro arxentino", copresentado co Festival de Almada (Lisboa)

No restaurante peruano "Sudado" do Abasto, estanse realizando as últimas remodelacións a pedido de Percy, o dono. Dous obreiros, Ricky, arxentino e Lalo, peruano, traballan para a construtora que agora manexa Alejo, fillo do antigo dono da empresa, falecido hai unha semana. As actividades freáronse tras o funeral, polo que o público asiste ao primeiro encontro incómodo despois da traxedia. Avanza a xornada e a volta para a casa retrásase pola falta de materiais para o remate da obra. O traballo funciona como anestesia para a dor e o desencanto que provocan o dó, o desarraigamento, a familia, a rutina, a soidade, o deber e os vínculos laborais.

Entre a imponente imaxe do Machu Picchu nunha parede, unha oficina a medio construír, unha fonola e cervexas, a idea de merecer algo mellor xorde de maneira silenciosa nesta xornada que imprime neles unha nova derrota.

A imaxe do Machu Picchu e a súa mística peruana funciona como conexión ilusoria entre tres persoas que parece que o único que teñen en común é ese espazo alleo.

Obra gañadora da Bienal de Arte Joven de Buenos Aires 2013.

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE XULLO DE 2014

“sudado”

JORGE EIRO

(Argentina)



24 XOVES SPUTMIT

FRANCELOS 20.00h

PROGRAMA L – APOIO ÁS NOVAS COMPAÑÍAS

Autoría: Teatro Improvisado

Dirección: Triatreros Grupo de Teatro

Intérpretes:

Tone Martínez

Omar Ferrín

Miguel Canalejo

Bea Campos

Davide González

Deseño espazo escénico: Triatreros Grupo de Teatro

Son / música: Música en directo con Davide González (acordeón e teclados)

Indumentaria e caracterización: Triatreros Grupo de Teatro

Público recomendado: Tódolos públicos

Tipo de espectáculo: Espectáculo de improvisación teatral con música en directo

Duración: 75 minutos

Web: www.triatreros.com

Improprio D.F. Operación Ribadavia é un espectáculo de improvisación teatral fresco e divertido. A peza preséntanos os extrabóticos habitantes dun lugar lonxano “Improprio D.F.” que teñen como misión especial conquistar Ribadavia e arredores mediante xogos de improvisación.

O público participa no espectáculo escribindo unha frase nun papel ao comezo do mesmo e a partir destas premisas os actores realizan diferentes escenas totalmente improvisadas das que terán que saír airosos. A inmediatez das propostas e o contacto directo co público dá lugar a un espectáculo trepidante, divertido e irrepetible.

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE JULIO DE 2014

“improperio D.F.
operación ribadavia”

(Galiza)

TRIATREROS GRUPO DE TEATRO



24 XOVES CASTELO 23.00h

Autoría e dirección: Nacho Ciatti

Intérpretes:

Ivan Moschner

Mónica Raiola

Guido Botto Fiora

Michel Noher

Deseño espazo escénico: Mariana Tirantte

Iluminación: Marías Sendón

Son / música: Nacho Ciatti / Alan Haksten

Indumentaria e caracterización: Gabriela A. Fernandez

Público recomendado: Para todos os públicos

Tipo de espectáculo: Comedia dramática

Duración: 70 minutos

Web: nachociatti.wix.com/nachociatti

Ciclo "Novísimo teatro arxentino", copresentado co Festival de Almada (Lisboa)

O PAI regresa a Bos Aires 20 anos despois de ter abandonado á súa familia. Alí é recibido pola ex esposa e os seus dous fillos, que aínda viven na mesma casa. Case como por arte de maxia, volve ocupar o cuarto e a cama que algunha vez foron súas. O tempo parece terse estancado para esta particular familia, que o recibe sen pedir explicacións nin amosar atisbos de resentimento. A cama matrimonial da habitación convertírase rapidamente no refuxio onde se reanuda o vínculo, a relación dunha familia que moito ten por dicir pero pouca experiencia para expresalo. E mentres ese pasado regresa e avanza, tenue no silencio e nos días, tamén avanzará o intento de saldalo, silenciosamente, a través dun plan maxistral.

ALEMANIA é a historia dunha absurda vinganza levada a cabo por unha familia que xa non sabe cómo ocupar os lugares do amor.

Gañadora do Premio Trinidad Guevara (revelación autor/director) Nominada premio Trinidad Guevara Mellor Actriz, Gañador Mellor Actor Premios Planeando Sobre Bue (Iván Moschner).

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-20 DE JULIO DE 2014

(Argentina)

“alemania”

COMPañIA GITANA-NACHO CIATTI



24 XOVES

ADRO DE
SANTO
DOMINGO

01.00h

Autoría, dirección e interpretación: Cándido Pazó

Deseño espazo escénico: Carlos Alonso

Iluminación: Afonso Castro

Son / música: Manuel Riveiro

Indumentaria: Carlos Alonso

Público recomendado: Maiores de 12 anos

Tipo de espectáculo: Comedia

Duración: 80 minutos

Web: www.belenpichel.com

Compañía gañadora do Premio do Público da MIT 2013 coa obra "As do peixe"

Unha fórmula híbrida, teatro e narración oral, na que Cándido Pazó combina e optimiza a súa pericia neses dous ámbitos da comunicación escénica, satisfacendo a todo tipo de públicos, nun vizoso encontro entre o culto e o popular.

Un espectáculo explosivo no que actor e espectador están en continua conexión, nun discurso irónico e cun ritmo trepidante.

O Decamerón é un dos fitos da literatura europea. Prohibido pola Inquisición, rebordante de humor e erotismo, rompe co tenebrismo medieval e anuncia a luz do Renacemento.

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-20 DE XULLO DE 2014

“decamerón,
historias para tempos ruíns”

(Galiza)

ABRAPAI ABRA CREAÇÕES ESCÉNICAS



25 VENRES

IGREXA DA
MADALENA

21.00h

Autoría e dirección: Jorge-Yamam Serrano

Intérpretes:

Carmen Flores

Jorge Cabrera

Jorge-Yamam Serrano

Deseño espazo escénico: Jorge-Yamam Serrano

Iluminación: Nico Aguerre

Son / música: Jorge Cabrera

Público recomendado: A partir de 12 anos

Tipo de espectáculo: Comedia dramática

Duración: 60 minutos

Web: www.teatrodecerca.com

www.jorge-yamam.com

Límite de aforo 70 persoas.

¿Deixaríalo todo e marcharías en busca do teu soño, deixando atrás a túa familia, a aqueles que sempre tiviches cerca, sabendo que iso supón facerlles dano?

Asistimos á festa sorpresa de despedida de David, que marcha vivir a México. Como tantos outros rapaces novos do país, proba mellor sorte no estranxeiro. O público será parte da festa, serán os convidados; amigos íntimos e familiares que compartirán o escenario cos seus protagonistas. Esta é unha obra de texto diferente na que os personaxes dirán adeus ao vello, abandonando o pequeno papel interpretado na parodia familiar e na vida. Bebida, música... empeza a festa e dígoche... dígoche adeus.

Nominado-finalista Premio Max de teatro 2014 Mellor Espectáculo Revelación, Premio Moritz-FiraTárrega Mellor espectáculo 2012, Espectáculo Alcover 2013-14.



30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE JULIO DE 2014

“que vaya bonito”
TEATRO DE CERCA - LA RUEDA

(Cataluña)



25 VENRES CASTELO 23.00h

Autoría: Chévere / Manuel Cortés

Dirección: Xron

Intérpretes:

Patricia de Lorenzo

Miguel de Lira

Xron

Mónica García

Arantza Villar

César Goldi

Xacobe Martínez Antelo

Max Gómez

Manuel Cebrián

Deseño espazo escénico: Carlos Alonso

Iluminación: Fidel Vázquez

Son / música: Xurxo Pinheiro / Xacobe Martínez Antelo

(música orixinal)

Indumentaria: Carlos Alonso

Público recomendado: Maiores de 12 anos

Tipo de espectáculo: Cabaré Nihilista

Duración: 90 minutos

Web: redenasa.tv

O País dos Ananos é unha viaxe retranqueira que facemos a través da Ultranoite ao tempo e ao lugar que nos tocou vivir. Podémolo chamar Galicia se queremos. Un lugar definido polo despilfarro do presente, o cinismo enfermo das clases dirixentes e o fin da esperanza nun futuro mellor. Para retratar esta terra humillada polo asfalto servímonos da compañía de dous autores emparentados polo seu mal humor e un lirismo tan afiado como insultante: Jonathan Swift e Celso Emilio Ferreiro. Diante deles nós somos simples aprendices. E seguramente esta Ultranoite é unha marcianada máis propia da Serie B. Pero somos honestos, non nos gusta nada como se fixeron as cousas, estamos convencidos de que se poderían ter feito mellor de calquera outra maneira só cun chischo de xenerosidade e honradez e tal e como están as cousas non confiamos en absoluto que isto teña amaño. Só un cheiro satírico pode facer respirable unha democracia tan fedorenta.

Esta Ultranoite no País dos Ananos ten un estómago e un corazón. Co estómago na man fixemos uns sketches inzados de tópicos, chascarrillos e lugares comúns para ceibar unhas risas cómplices. A corazón aberto ofrecemos unha presa de músicas e cancións sen lugar para esperanza, pero dun lirismo, unha beleza e unha contundencia incomprendiblemente arrebadoras. E xuntando estómago e corazón cun aire decadente deberíamos obter un cabaré nihilista construído para ir da indiferencia dun pobo diante da súa autodestrución.

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE XULLO DE 2014

(Galiza)

CHÉVERE

“ultranoite no país
dos ananos”



26 SÁBADO



20.00h

Autoría: Rosa Díaz a partir do conto “Una Niña” de Grasa Toro

Dirección: Rosa Díaz e Fanny Giraud

Intérpretes:

Rosa Díaz

Ariel García

Deseño espazo escénico: Eskenitek S.L

Iluminación: Katia Moretti

Son / música: Iván Monje

Indumentaria: Laura León

Público recomendado: A partir de 5 anos

Tipo de espectáculo: Espectáculo sen palabras. Clown e manipulación de obxectos.

Duración: 55 minutos sen descanso

Web: www.larousteatro.es

Contén opción de caderno pedagóxico

Unha muller vive nun peirao oxidado afastado da cidade.

Pesca todo o que a xente abandona.

Un día engánchase nas súas redes algo nunca visto: unha nena dentro dunha botella.

Asustada, rexéitaa impulsivamente, tirándoa de novo ao mar: ten medo, non a quere ver; porque se sente reflectida, nesa botella, coma nun espello.

Os seus pensamentos viaxan no tempo do recordo.

Decide saír buscala, pero xa é tarde: o mar arrastrou a botella.

Aínda así, continúa coa esperanza de encontrar á nena

e inicia unha busca, tal vez, cara a nena que leva dentro. Primeiro nun barquiño de papel... Máis tarde, nas profundidades do mar.

A partir de un cuento del escritor aragonés Carlos Grasa Toro, y con dirección de la clown y pedagoga francesa Fanny Giraud, esta exquisita artista polifacética que es Rosa Díaz ha elaborado otra maravilla de espectáculo, lleno de sensibilidad, emoción y múltiples lecturas, capaz como en cada uno de sus montajes de llegarte directamente al corazón.

Con El Abuelo y El Refugio, sus anteriores creaciones, forma una trilogía mágica y antológica que reafirma a Rosa Díaz-La Rous como una de las más importantes creadoras e intérprete del panorama teatral actual.

Ferrán Baile i Llavería (ideal.es)

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE JULIO DE 2014

“una niña”

LA ROUS

(Andalucía)



26 SÁBADO CASTELO 23.00h

Autoría: Diego Carli

Dirección: Jashgawronsky Brothers

Intérpretes:

Paolo Rozzi

Diego Carli

Riccardo Pinato

Antonio Mignolli

Iluminación: Diego Carli

Son / música: Varios autores

Público recomendado: Para todos os públicos

Tipo de espectáculo: Comedia e música

Duración: 75 minutos

Web: www.jashgawronsky.com

Compañía galardoada co Premio do Público na MIT
2011

Trash! é un espectáculo onde todo fai música: basoiras, baldes, caldeiros do lixo, raiadores, papel hixiénico, residuos secos e húmidos e corpos humanos incluso! Éxitos pop realizados cunha guitarra eléctrica feita dun asento do inodoro, melódicas con sifóns, punk e metal con ukeleles. Un espectáculo onde a invención se converte en música e a esencia da moderna clownerie trae lixo nunha nova dimensión fantástica. Nada é creado ou destruído, simplemente transformado. Ironía, parodia, reciclaxe, reutilización, pig power!

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-29 DE JULIO DE 2014

“trash”
(Italia)
JASHGAWRONSKY BROTHERS



26 SÁBADO

RUADAVIA 

PRAZA MAIOR 01.00h

Idea e dirección e voces afervoadas: Carlos Meixide e Tomás Lijó (Arturito Puy e Fabián Santomé)

Son / música:

Suso Alonso (Suso Pián), Xabier Olite (Eneko Toba), Roi Fernández (Roque Permuy), Ramón Rúa (Ramón Reynolds) e nas ventosidades Martinho Domínguez, Manu Paino e Olivier Cano de Os Homes sen Medo.

Enxeñeiro de son: Tomás Ageitos (Toni Zás)

Deseño: Roi Fernández (Roque Permuy)

Fotografía e vídeo: Natasha Lelenco, Cuco Pino (Quadra Producións)

Público recomendado: Todos os públicos e privados.

Producción e distribución: Ana Triñanes

Tipo de espectáculo: Humor senlleiro e canción liviá

Duración: 90 minutos

Web: facebook.com/osdaria

A MIT convidache ao máis meirande e ao máis senlleiro brindele polo Ribeiro endexamais celebrizado, por 30 ans máis de teatro.

Os da Ría son os divos da canción liviá galegueira, ca- paices de lle cantarelar aa Infanta Elena, a Fernándo Ónega ou ao mesmísimo Alberte Núñez Feijoo. Traen amplas doses de humor absurdo e unha linguaxe propia e entrequeloutrada que non adoita deixar indiferente. Son xente de ben que viviu sempre a gostele con todos os gobenros e que nunca desaproveita a ocasión de entrequeloutrar unha paparouta opipara. Pode ter algo que ver o Punk coa múseca liviá? Pode o rock&roll compartir escairio co pasodoble, co reggae, coa conga, co ská ou co chachachá?

Un concérto úñeco para lle contar aa descendencia en o futuro. Hoxe, por fin, nun evento úñeco e irrepertible, os máis senlleiros, Os da Ría, cantarelan ao Ribeiro. Chín- chin!!

(Galiza)

OS DA RÍA/ PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS

“chinchín por o ribeiro. espectáculo
de clausura do 30 aniversario da MIT.”



ACTIVIDADES
ACTIVIDADES
PARALELAS
PARALELAS



CURSO CLOWN

CASA DA CULTURA (do 21 ao 24 de xullo)

SEMINARIO INTENSIVO DE CLOWN. Destinado a persoas que desexen abrir a súa expresión e a actores que queiran ampliar o seu espectro de experimentación escénica.

Dezaseis horas con batería de exercicios para encontrar o clown.

Dous traballos prácticos extra-clase: o traxe e a rutina.

4 días (21, 22, 23 e 24 de xullo, de 10:00 a 14:00h)

Máximo 20 prazas, por orde de inscrición na oficina da MIT ou en info@mitribadavia.com

Prezo curso: 20 €

Roberto Iván Moschner é actor no espectáculo ALEMANIA, de Nacho Ciatti, egresado da Escuela Nacional de Arte Dramático. Formouse tamén con Inda Ledesma, Rubén Szuchmacher, Hernán Gené, Raquel Sokolowicz e Luciano Suardi. Actuou en varios espectáculos no Teatro Nacional Cervantes e no Teatro San Martín. Tamén en obras de Shakespeare, Chejov, Ibsen e Corman en teatros oficiais e independentes. Protagonizou a película "Incómodos" e tamén traballa como actor en TV. Forma parte do grupo de teatro Morena Cantero Jrs. Recibiu o premio Mellor Actor no Certame Coca Cola nas Artes e as Ciencias. É profesor de actuación e dirixe teatro.

18 VENRES DÍA PREMIT CAFÉ-CONCERTO SON 20.30h

Para ir quentando motores, o día 18 de xullo, a MIT acolle un OFF con dúas seccións: un concerto coa banda do actor **Josito Porto** e **Sabela Dacal** coa colaboración do Bar-concerto SON e a xa tradicional estrea da nova obra da compañía de teatro afeccionado de Ribadavia **Teatro do Vilar**, dinamizadores do feito escénico e a quen a MIT vén prestando o seu apoio a través da liña específica "Apoio da MIT ao teatro afeccionado do Ribeiro".

Concerto de Josito Porto con Factoría da subsistencia.

20:30 Café – concerto SON Ribadavia.



18 VENRES off MIT

AUDITORIO DO CASTELO 23.00h

Apoio da MIT ao teatro afeccionado de Ribadavia

Autoría: Dario Fo

Dirección: Elena Seijo

Intérpretes:

Juan Carlos Fernández

Edmundo Araújo

Ester Pumar

Silvia Villar

Elvira García

María García

Beatriz Cendón

Rafael Carrera

Iago García

Isabel Alonso

Deseño espazo escénico, iluminación e indumentaria:

Teatro do Vilar

Cartelería: Rosinha Rojo

Agradecementos: Autoservizos Torejas, Teatro Valparaíso e Amigos de Teatro do Vilar.

Público recomendado: Todos os públicos

Duración: 70 minutos

Escrita por Dario Fo, Premio Nobel de Literatura, é considerada unha das sátiras sociais máis divertidas da historia do teatro. A obra céntrase nas dificultades de dúas familias para chegar a fin de mes nun momento de inflación descontrolada. Tal é así que as mulleres rebélanse contra o sistema desvalixando o supermercado, do que levan sen pagar toda a mercadoría que son capaces. Unha vez na casa preséntase o problema de que facer co botín, sobre todo por temor á reacción de Xoán, marido de Antonia e afiliado do partido que goberna. Pouco a pouco todo xira, facendo do drama social unha comedia delirante que non esquece conmoernos.

“aquí non paga ninguén”
TEATRO DO VILAR

TOSERVIZOS

ORE



19 SÁBADO

SALÓN DE ACTOS

CONCELLO DE RIBADAVIA 21.30h

PREMIO DE HONRA “ROBERTO VIDAL BOLAÑO”, CONCEDIDO POLA MIT RIBADAVIA AO MÉRITO NAS ARTES ESCÉNICAS

A MIT Ribadavia, no 30 aniversario e coas recentes sensacións de solidariedade, inconformismo e afouteza que nos deixou a conmemoración dos 40 anos da 1ª Mostra Abrente, reconece a actividade dun dos máis destacados profesionais do teatro galego contemporáneo que, xa sendo mozo, experimentou activamente este movemento de modernización, debate e reivindicación, ás veces clandestina, da creación escénica en lingua galega, que supuxeron as Mostras de Ribadavia. Para moitos, Pazó, como benxamín daquela xeración do teatro independente galego, foi afianzando o seu traballo escénico a través do ámbito específico na comedia bufonesca, no clown ou na commedia dell'arte, ademais da práctica na compañía A Farándula de Vigo, da que foi cofundador, e do autodidactismo, trazo xeral daquel conxunto de artistas con ansias de renovación e liberdade en todas as vertentes, que se reunían nos espazos máis insólitos da emerxente Ribadavia escénica para pular por un novo discurso e novas formas escénicas.

Cándido Pazó é hoxe, ademais dun destacado representante da arte da oralidade, un dos dramaturgos máis prolivos a pé do escenario, analítico coa realidade circundante e coa historia e moi aplaudido polo público. En Ribadavia, concretamente, déronse cita moitos dos seus máis premiados espectáculos, dende *Commedia, un xoguete para Goldoni*, no ano 93, pasando por *García* (Teatro do Adro, 2007), *A piragua* ou *As do peixe*, ambas con Abrapalabra Creacións e sendo esta última peza, inspirada na vida e nas relacións laborais das traballado-

ras das conservas, a que conseguiu o Premio do Público ao mellor espectáculo na pasada edición deste festival.

Na produción dramática de Pazó destacan igualmente pezas para o público infantil, coma *Ra, ra, ra* ou o máis recente *A casa do avó*, escrita e dirixida para a compañía Tanxarina Titeres, coa que habitualmente tamén traballa. A importancia da comunicación verbal, do poder da palabra e da ironía, da sonoridade evocativa e das historias máis sorprendentes ou mesmo por veces absurdas, sonz trazos que tamén se poden atopar na súa destacable produción dramática infantil.

Neste ano especial, a MIT quere de maneira simbólica e ampla, recordar á cidadanía galega a traxectoria e os oficios dun cómico viaxeiro que percorre terras e paisaxes, teatros e estaribeles, para traer e levar contos, monólogos, ou para deixarnos pezas escritas á beira do amor, do respecto e da riqueza creativa da nosa lingua galega, sabéndonos facer e sentir únicos e ao mesmo tempo universais.

30 MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
RIBADAVIA
10-20 DE JULIO DE 2014

premio de honra
"roberto vidal bolaño"
CÁNDIDO PAZÓ



23 MÉRCORES

SALÓN DE ACTOS
CONCELLO DE RIBADAVIA 13.00h

RESOLUCIÓN DO 9º PREMIO ABRENTE DE TEXTOS TEATRAIS E PRESENTACIÓN DO LIBRO “DIANTE DO ESPELLO” (PREMIO ABRENTE 2013)

O xurado do 9º Premio Abrente para Textos Teatrais 2014 estará presidido polo Alcalde de Ribadavia ou persoa en quen delegue e formarán parte do mesmo o Concelleiro de Cultura, o Director da MIT e tres persoas de recoñecido prestixio no sector das artes escénicas. Este ano conformarase con Cristina Domínguez (directora teatral e profesora na ESAD de Galicia), Toni Salgado (actor e director) e Camilo Franco (escritor e crítico teatral).

A presentación do libro “Diante do espello” contará coa intervención do seu autor, Fran Godón, que será presentado polo Secretario Xeral de Política Lingüística, D. Valentín García.



25 VENRES

PRAZA MAIOR 01.00h

PRESENTACIÓN DO FILME DOCUMENTAL DAS ULTRANOITES DE CHÉVERE. DIR. ALFONSO ZARAUZA

Este ano cúmprense dúas décadas dende a celebración da primeira ultranoite; vinte anos ininterrompidos durante os que Chévere subiu aos escenarios para escribir a crónica de Galicia a través deste cabaré irreverente e perralleiro.

O director Alfonso Zarauza presentará un avance, un work in progress da montaxe do filme documental que recolle as anécdotas, imaxes, proceso de ensaios e estrea do espectáculo conmemorativo de Chévere, así como a esencia deste xénero particular que naceu na Sala Nasa de Santiago de Compostela da man deste grupo.

Do arquivo de redenasa o director empregará material daquelas representacións nas que participaron diversas persoas do mundo da escena coma Luis Tosar, Quico Cadaval, Roberto Vidal Bolaño, etc. Do seguimento da compañía, nos últimos meses, a constatación das intencións e a toma de contacto co público para “botar a vista atrás con rencor, amargura, mala hostia e moita retranca e certificar musicalmente sobre o escenario a nosa derrota. Galicia segue imparabile na súa perda de identidade e a Ultranoite desborda personalidade.”



26 SÁBADO

IGREXA DA MADALENA 21.30h

PRESENTACIÓN DO FILME DOCUMENTAL "O QUE HAI QUE FACER PARA NON IR AO MAR". DIR. IAGO VÁZQUEZ

Uxia, filla de Tuto e Mariajo, dous actores de teatro xa falecidos, ten curiosidade por saber como foron os anos nos que os seus pais percorrían Galicia representando funcións. Como xa non están, decide facer unha viaxe histórica e emocional a través dos compañeiros de profesión dos seus pais e explorar así a historia do teatro galego daquela época. Uxia vai realizar unha serie de encontros coas principais personalidades do mundo da escena galega dos últimos corenta anos. Repasando a carreira dos seus pais, levaranos a percorrer a historia do noso teatro.

Neste acto farase unha breve presentación por parte do director, Iago Vázquez e da súa protagonista principal, Uxia Vázquez. A continuación proxectarase o tráiler do filme. Posteriormente, haberá un coloquio no que o director e a produtora contarán como naceu a idea, o desenvolvemento do proxecto, as anécdotas da gravación, as reaccións da profesión e algunha pincelada do financiamento. Tamén queremos contar coa presenza dalgúns protagonistas do documental. Finalmente abrirase unha quenda de preguntas.

www.oquehaiquefacer.com



Dirección: Roberto Pascual

Responsable do servizo de venda de entradas: Bea Domínguez Cendón

Responsable do servizo web: Manuel Montesinos Miguélez

Responsable de persoal e contratación: Fran Muñiz Ferro

Responsable do servizo de prensa: Tere Rivela

Deseño de cartel e programa: A&B Comunicación e Deseño

Fotografía: Natasha Lelenco

Deseño premio MIT: Manuel Rodríguez Alonso (Sampedro)

Coordinación técnica e deseño de espazos: Diego G. Valeiras

Loxística (iluminación e son): RTA

Montaxe: Saguay

Venda de entradas on-line: <http://entradas.abanca.com>

Imprenta: Rodi Artes Gráficas e Imprenta Deputación de Ourense

Agradecementos: Nuria Montero Gullón, Radio Ecca, disigna edenía, Festival de Almada, Festival Grec, Revista Luzes, Sonia Couso Fernández, José Iván Martínez Arias, Cristina Domínguez, Camilo Franco, Toni Salgado, Afonso Becerra, Teatro do Vilar, Café Concerto SON, La Huella del Gato, GRUMIR Ribadavia, Policía Local, Cruz Vermella, persoal do Concello, oficina de Turismo, voluntarios/as da MIT, benefactores e persoas que a título individual honran coa súa colaboración á MIT.

Protectorado público:



Co agradecemento ao patrocinio de:



HOTEL
CARBALLO
PAZO



Coa colaboración de:



Luzes
Normalismo que conta

Luzes aposta polo normalismo que di as cousas como foron, non como convén

Dirixida por José Manuel Ferreira e Manuel Rivas e con colaboracións de Manuel Jabois, Olga Soys, Caillém Martínez, Suso de Toro, Miroslav Depov, Jekín Regado, Agustín Fernández Paz, Xosé Le Bot, Ramón Chao, Alfonso Armada, Igdo Martínez, Ansel Malvar, María Vázquez, Juan Tallón, Xulio Villanino, Miguel Rospa, Henrique Mariño, Interguitar, Bieito Iglesias, Antón Louzado e moitos/as artistas máis.
www.resfestaluzes.com

MIT MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem

INSTITUTO NACIONAL DE
LAS ARTES ESCENICAS Y DE LA MUSICA



**XUNTA
DE GALICIA**

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



DEPUTACIÓN
OURENSE



Concello de Ribadavia

